



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL” PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE FOMENTO E FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO NO CAMPO DA ENFERMIDADE MENTAL PARA O FAVORECIMENTO DUNHA SOCIEDADE INCLUSIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 08/07/2020 coa Asociación ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación, cos seguintes obxectivos:

- Desenvolver un programa de formación do voluntariado específico para este convenio, que favoreza a socialización das persoas enfermas a través do acompañamento por voluntarios.
- Desenvolver un programa de incorporación sociolaboral alternativo para pacientes estabilizados que padezan un trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo, co obxecto de incrementar as súas competencias sociais que permitan unha plena integración sociolaboral fóra da dita institución sanitaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Atención Primaria é a unidade administrativa a que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Estas persoas adoitan vivir coa súa familia, precisando os familiares dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde. Que no ámbito da nosa





Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social da persoa enferma, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo, así coma o desenvolvemento dun programa de promoción do voluntariado, específico e adaptado ás necesidades e peculiaridades da saúde mental, en colaboración, preferentemente co movemento asociativo de familiares de enfermos.

A Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental” ten como obxectivos recollidos nos seus Estatutos captar e vincular voluntarios sociais coas persoas que padecen trastorno mental severo, sensibilizar á sociedade para desenvolver actitudes máis tolerantes que favorezan a integración e normalización social das persoas con trastorno mental severo e persistente e rachar co seu estigma e rexeitamento social que dificulta a recuperación da súa enfermidade, e contribuír a crear unha comunidade inclusiva que diminúa os efectos da enfermidade e ofrezca oportunidades de desenvolvemento persoal.

A Asociación “ITÍNERA, Voluntarios en Saúde Mental” cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ámbalas dúas partes teñen finalidades coincidentes e, por iso, consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas aos efectos de mellorar a calidade de vida destas persoas e dos seus familiares, a través do acompañamento en actividades sociais da vida ordinaria e desenvolvendo programas específicos de voluntariado que favorezan a súa socialización.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

